

Palabras con v

1 Completa con v e escribe as palabras no teu caderno:



...asoira



...oitre




gara...anzos



...aca



tre...o



escara...ello



gra...ata



o...ella

2 Completa coas palabras anteriores:

- Na granxa-escola aprendéronnos a muxir unha
- Que sorte! Atopei un ... de catro follas!
- A ... bea cando ten fame.
- Vou comprar uns ... para o cocido.
- Esa ... queda ben cunha camisa de raias.
- Colle a ... e varre a cociña.
- O ... é un insecto. O ... é unha ave.

3 Relaciona as palabras do recadro con cadansúa definición:

- ...: Vulto característico do nariz das bruxas.
- ...: Persoa que ten por oficio varrer.
- ...: O pai da miña nai ou de meu pai.
- ...: A cor do semáforo cando non se pode pasar.
- ...: Produto comestible da posta dalgúnhas aves, principalmente da galiña.

ovo
vermello
verruga
varredor
avó

4 Completa con v e copia:

...icente é un ...erme

pa...ero e moi no...o.

Anda nas ...erzas

e ...i...e do conto.

Le...ántase tarde,

almorza na herba,

...ai de paseo


e dorme unha sesta.

Soña que ...oa

a bordo do ...ento.

Esperta asustado.

Que ...iaxe! Que medo!



Os verbos **ver**, **volver**, **vir** e **vivir** escribense con v, e tamén todas as palabras das súas familias.

5 Completa as oracións co verbo do recadro que cumpra:

– As andoriñas ... ao norte na primavera.

– Meus avós ... moi preto da miña casa.

– ... un pouco o arroz para que non se pegue.

– Onte ... un programa divertidísimo na tele.

– Por que non ... os zapatos se non che serven?

Revolve
devolves
viven
volven
vin

6 Escribe o nome das estacións do ano que lleven v.



OBRADOIRO ORTOGRÁFICO

Prepara o ditado

A vaca e o boi fan boa parella.

Disque son noivos desde a primavera.

Van sempre xuntos camiño do prado.

Dá gusto velos tan namorados.

A ovella Avelina varre ben a corte.

Se vai haber voda, debe estar en orde.



Despois do ditado

Intercambia o teu ditado co do teu compaño ou compañeira e corríxeo, ten-
do en conta os seguintes aspectos:

CALIGRAFÍA

LIMPEZA

ERROS

